

A.V.V. CAMPEIRAS

Rúa dos Covelos, s/n
15320 AS PONTES - CORUÑA



C.I.F. G-15323892

CRONOLOGIA DUN PARQUE INFANTIL

O 4 de Marzo de 2006 na asamblea xeral da A.V.V. Campeiras faise saber da intención do concello Pontes de instalar parques nos barrios; a resposta por parte dos socios e, de que non se debería de permitir a súa instalación no campo da rua Covelos, xa que non quedaría espazo para a realización de outras actividades.

O concello acorda levar a cabo a instalación sin falar para nada desta instalación ca Xunta Directiva da A.V.V.

O 10 de Xullo convocase unha reunión veciñal donde se acorda non acceder a súa instalación no campo da rua Covelos e añadindo que non existe oposición a súa instalación en outra zoa do barrio. (cúrsase instancia o concello)

A instancia presentada no concello non e atendida nin respondida polo concelleiro de participación cidadá que, xunto cos técnicos se achegan o día seguinte a rua Covelos para marcar a cimentación do parque, faiselles saber da falta de atención o escrito presentado, e preguntase porque non e posible ocupar a zoa de cierre da escola que ocupa Aspanaes, o que o concelleiro responde que esa zoa e intocable.

Na mesma semán o concelleiro de participación cidadá mantén unha conversación co presidente da A.V.V. donde lle comunica que chegou a un acordo ca dirección de Aspanaes (asociación a que está cedido o uso da escola) para ocupar unha parte da zoa cerrada. O presidente contestalle que ten que consultar a cidadá proposta ca Xunta Directiva antes de dar unha resposta; recházase a proposta e decidese non respondela o igual que fai o concello cas numerosas instancias que se cursan. **O concelleiro, confunde o silencio con un sí a un acordo que nunca se levou a cabo** e, a mediados de Agosto aproveitando o período vacacional da maioría dos veciños, leva a cabo a cimentación do parque.

Ante estes feitos, convocase unha reunión veciñal o 11 de setembro donde se acorda a paralización das obras. Na mañá do día 12, un grupo de veciños paraliza as obras; ante tal feito, preséntanse no lugar os concelleiros de participación cidadá e o de obras cos cales se acorda unha reunión para ese mesmo día, as 20,30 no local social da A.V.V. Celebrase a reunión sin conseguir ningún avance.

Acordase redactar unha instancia donde se comunica o concello, o interese e disposición por parte da A.V.V., de chegar a un acordo, para reformar o proxecto e lograr un mellor aproveitamento de todo o entorno da escola.

O concelleiro de participación cidadá contesta que están dispostos a estudar unha reforma do proxecto o remate do curso escolar, o cal, se responde que serán os veciños os que opinen o respecto nunha nova xuntanza.

A.V.V. CAMPEIRAS

Rúa dos Covelos, s/n
15320 AS PONTES - CORUÑA



C.I.F. G-15323892

O mesmo tempo que se celebra esta nova xuntanza veciñal (22 de Setembro) o concelleiro de participación cidadá utiliza os medios públicos locais para mentir, cando di que chegou a un acordo co presidente para a instalación do parque e, para utilizar e intentar poñer en contra da A.V.V. Campeiras, os nenos de Aspanaes (Asociación de pais de nenos autistas e psicóticos) os que tiverón ata a data de hoxe totalmente olvidados e, cos que a Asociación de veciños Campeiras mantivo sempre unha relación inmellorable.

Na reunión veciñal acordase apoiar a proposta da Xunta Directiva de, acordar co concello unha reforma e mellor ubicación dos xogos. Enviase unha nova instancia o concello e, fíxelle saber vía telefónica o concelleiro. Non se recibe ningunha resposta.

O día 2 de Outubro os operarios que se encargan do montaxe dos parques, achegáronse as Campeiras para continuar cos traballos de instalación do mesmo.

Reunida a Xunta Directiva o mesmo día 2 de Outubro, aproba achegar este informe, os partidos da oposición e os medios públicos e, acorda o seguinte:

- A partir do día 2 de Outubro de 2006 a Xunta Directiva da A.V.V. Campeiras decide non recoñecer o Sr Francisco Rodríguez Iglesias como concelleiro de participación cidadá. Isto conleva a non asistencia desta entidade, os actos ou reunións, presididos ou convocados polo mesmo.
- Solicitar a DIMISION do concelleiro de participación cidadá, pola súa falla de diálogo e vontade negociadora, así como por aproveitarse dun cargo público para facer abuso de poder ignorando en todo momento as decisións veciñais.